



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

# **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE 2011.**

### **ASISTENTES:**

#### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

#### Concelleiros:

D. Jose Angel Rey Seoane

D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

#### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 09:20 horas do día 26 de setembro de 2011, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez, non asiste nin xustifica a súa ausencia a concelleira D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernández.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

Fundamentada a urxencia da sesión na urxencia de concensión de licenzas urbanísticas vista a corrección de erros - Orde do 29 de decembro de 2010 pola que se modifica a Orde do 31 de maio de 2010 pola que se establecen as bases de axudas en concorrencia competitiva para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2011; no artigo 5.4 indícase que deberase contar pcoa preceptiva licenza municipal rematando o prazo para presentala o día 30 de setembro de 2011.

### **1.- OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS AFECTADAS POR SUBVENCIÓN ORDE DO 31 DE MAIO DE 2010 DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

#### **1.1.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 36/2011) PARA CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA POLOS NA FINCA 294 POLÍGONO 505 DA PARROQUIA DE BUAZO, TRAMITADO A INSTANCIA DE D. JUAN JESÚS PETEIRO LÓPEZ EN REPRESENTACIÓN DE AVÍCOLA HERMANOS PETEIRO S.C.**

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 22/02/2011 n<sup>o</sup> de rexistro de entrada 225 por D. Juan Jesús Peteiro López en representación de Avícola Hermanos Peteiro S.C. presentou ante o Concello de Boimorto solicitude de licenza para "Construcción de nave para polos" na finca 294 polígono 505 parroquia de Buazo redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes colexiado n<sup>o</sup> 395 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 78/2011 e anexo con número de rexistro de entrada neste Concello 538 en data 02/05/2011; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección forestal.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 18/05/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 22/09/2011.

Visto o dictame do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de sometemento a incidencia ambiental, segundo o Decreto 133/2008 de data 21/09/2011.

Condicionando a licenza de obra ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención, do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid e a de instalación no dictame de incidencia ambiental do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2b) e 37.1 da Lei 9/2002 e deberánse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar licenza de obra maior (36/2011) a D. Juan Jesús Peteiro López en representación de Avícola Hermanos Peteiro S.C. conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo para "Construción de nave para polos"; na finca 294 polígono 505 parroquia de Buazo redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes Colexiado nº 395 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 78/2011 e anexo con número de rexistro de entrada neste Concello 538 en data 02/05/2011; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección forestal; non considerándose necesario a autorización previa de Urbanismo.

Sometendo a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros.
- .- As obras non poden ser iniciadas ata que sexa presentado o nomeamento de dirección de obra.
  - .- De acordo coa solicitude presentada co proxecto a parcela e propiedade de Dña. Clotilde Ares Aguión e herdeiros de Andrés Peteiro Rila. Polo que se deberá presentar documento autorizando á sociedade promotora a executar as obras proxectadas.
  - .-Deberá presentar compromiso ao que fai referencia o artigo 42.1.a) e 42.1.e) da Lei 9/2002 de Boimorto sobre rexistro da propiedade.
  - .- Con respecto á calefacción terase en conta na súa instalacións é imprescindible para o correcto funcionamento da explotación, con anterioridade á concesión da licenza definitiva de actividade das naves de polos deberase ter executada a mesma, para o cal se tramitarán as correspondentes licenzas de obra e actividade, que deberán contar coa preceptiva autorización da consellería competente na materia.
  - .- A pavimentación do camiño de acceso a finca, e as conexións coa rede de abastecemento e coa liña eléctrica resolveranse en proxecto aparte, debendo solicitarse ao Concello os correspondentes permisos/licenzas, tal e como se recolle no apartado 3 do Anexo. Dito expediente deberá resolverse con anterioridade a concesión da licenza definitiva de actividade, xa que se trata de subministracións básicas e imprescindibles para o correcto funcionamento da actividade.
  - .- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinala construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
  - .- Con anterioridade a retirada da licenza deberá presentar oficio de dirección de execución de obra visado.
  - .- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a seis meses.



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**SEGUNDO.**-Outorgar da licenza provisional de actividade a D. Juan Jesús Peteiro López en representación de Avícola Hermanos Peteiro S.C. conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo para "Construción de nave para polos".

Someter a licenza provisional de actividade de modificación de licenza de actividade definitiva ás seguintes condicións:

.- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais.

.- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

.- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

.- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

.- Deberase axustar as medidas correctoras que se contemplan no proxecto presentado e ás sinaladas no dictame de incidencia ambiental.

.- A licenza de actividade provisional debe cumprir o recollido no artigo 40 do PXOM de Boimorto para uso de categoría 6 así como o cumprimento de medidas correctoras contidas no acordo sobre cualificación de actividade de medio ambiente facendo constar:

- A actividade a desenvolver nas instalacións é a de engorde de polos.

- A explotación contará con capacidade para albergar 39.832 polos nunha superficie útil de 19.440m<sup>2</sup>, segundo o RD 692/2010, de 20 de maio, que permite incrementar a densidade de peso vivo por metros cadrados, para o cal se deberá obter autorización do organismo competente.

- As augas residuais dos aseos canalizaranse cara á fosa séptica.

- As dexeccións producidas na explotación retiraranse nos períodos de limpeza e almacenaranse na esterqueira, e tras un período de maduración utilizaranse como fertilizante agrícola.

- Non se xerarán aceites e graxas da maquinaria porque o mantemento realízase en talleres autorizados.

- O chan do almacén onde se garden os residuos líquidos ou pastosos será estanco e presenta cubeto de seguridade. Contará cun kit de derrames accidentais.

- Antes da concesión da licenza deberá acreditarse a estanquidade e impermeabilidade da esterqueira e do chan da nave, mediante certificación do técnico responsable da dirección das obras.

- Deberá garantir a permanencia das dexección un mínimo de tres meses en maduración antes do seu uso como fertilizante agrícola.

- A utilización das dexeccións como fertilizante agrícola respetará as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha. segundo R.D. 261/1996, do 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, e o Real Decreto Lexislativo 1/2011, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

- Deberá solicitar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeno produtor de residuos perigosos no caso de producir menos de 10 Tn anuais de residuos perigosos, ou solicitar a autorización de produtor de residuos

perigosos no caso de superar a antedita cantidade. Todo elo segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia (DEG nº 124, do 29 de xuño de 2005).

- Todos os residuos que xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

- Os acabados das instalacións serán de cores e texturas concordantes co entorno o que permitirá unha maior integración cromática co medio circundante.

- Realizarase pantallas vexetais con especies axeitadas no perímetro da parcela a fin de limitar a dispersión de malos cheiros e a redución do impacto visual.

- No caso de captación de auga mediante pozo de barrena deberá solicitar o recoñecemento do dereito e a correspondente inscrición no rexistro de augas. No caso de captarse nun predio e utilizarse noutro, deberá en todo caso solicitar concesión para a dita captación. E todo elo perante o Organismo Autónomo Augas de Galicia, segundo o establecido no texto refundido da Ley de Augas (B.O.E. nº 176, do 24 de xullo de 2011).

**TERCEIRO.-**Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.- LO 36/2011

Presuposto de execución material da obra axustándose ao Anexo I da Ordenanza reguladora do ICIO; según valoración feita polo servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello: 432.151,20€

Liquidación 2% :**8.643,02 €**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo o interesado, sinalándolle que antes do inicio das deberá presentar o nomeamento de dirección de obra.

**1.2.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 37/2011) PARA CONSTRUCCIÓN DE NAVES E ALMACÉN PARA EXPLOTACIÓN DE POLOS NA FINCA 190 POLÍGONO 502 DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BRATES-MERCURÍN, TRAMITADO A INSTANCIA DE DÑA. TAMARA LÓPEZ GARCÍA EN REPRESENTACIÓN DE L.P. AVES S.C**

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 23/02/2011 nº de rexistro de entrada 245 por Dña. Tamara López García en representación de L.P. Aves S.C. presentou ante o Concello de Boimorto solicitude de licenza para "Construcción de naves e almacén para explotación de polos" na finca 190 polígono 502 zona de concentración parcelaria de Brates-Mercurín, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes colexiado nº 395 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 77/2011 e anexo con número de rexistro de entrada neste Concello 536 en data 02/05/2011; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección de infraestruturas.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 18/05/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 22/09/2011.

Visto o dictame do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de sometemento a incidencia ambiental, segundo o Decreto 133/2008 de data 20/09/2011.

Condicionando a licenza de obra ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención, do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid e a de instalación no dictame de incidencia ambiental do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, non se



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2b) e 37.1 da Lei 9/2002 e deberánse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes 2 votos a favor coa abstención da Presidencia en aplicación do artigo 28.2b) da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar licenza de obra maior (37/2011) a Dna. Tamara López García en representación de L.P. Aves S.C. conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo para "Construción de naves e almacén para explotación de polos"; na finca 190 polígono 502 zona de concentración parcelaria de Brates-Mercurín, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes colexiado nº 395 visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 77/2011 e anexo con número de rexistro de entrada neste Concello 536 en data 02/05/2011; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección de infraestruturas; non considerándose necesario a autorización previa de Urbanismo.

Sometendo a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros.  
.- As obras non poden ser iniciadas ata que sexa presentado o nomeamento de dirección de obra.

.- Realizárase a conexión á rede municipal de abastecemento existente. O saneamento resolvese mediante unha fosa séptica. A conexión a liña eléctrica realizárase nas inmediacións da explotación.

.- A parcela da fronte a dúas vías, as distancias que deben cumprir os cerramentos e a liña de edificación regúlanse no artigo 43.3 do PXOM de Boimorto:

- Estrada CP-603, vía tipo I. A liña de edificación situarase a 7 m medidos a partir da aresta exterior da explanación, en todo caso a edificación quedará fóra da zona de serventía. As distintas construcións e instalacións atoparase fora da zona de afección (30 m).
- Camiño de titularidade municipal, clasificado como vía de tipo II. En solo rústico a liña de edificación situarase a 8 m medidos dende o exio da vía, xa que o estercoeiro situarase a 8,34m e a nave a 8,84m. Pola súa banda, o cerramento situarase a 6m.

.- Cúmprese co establecido no artigo 76.2.2. no relativo ás distancias das novas explotacións gandeiras a núcleo rural.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- Con anterioridade a retirada da licenza deberá presentar oficio de dirección de execución de obra visado.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a seis meses.

**SEGUNDO.-**Outorgar a licenza provisional de actividade a Dna. Tamara López García en representación de L.P. Aves S.C. presentou ante o Concello de Boimorto solicitude de licenza para "Construción de naves e almacén para explotación de polos".

Someter a licenza provisional de actividade de modificación de licenza de actividade definitiva ás seguintes condicións:

- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais.

- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

- Con respecto á calefacción terase en conta na súa instalacións é imprescindible para o correcto funcionamento da explotación, con anterioridade á concesión da licenza definitiva de actividade das naves de polos deberase ter executada a mesma, para o cal se tramitarán as correspondentes licenzas de obra e actividade, que deberán contar coa preceptiva autorización da consellería competente na materia.

- Deberase axustar as medidas correctoras que se contemplan no proxecto presentado e ás sinaladas no dictame de incidencia ambiental.

- A licenza de actividade provisional debe cumprir o recollido no artigo 40 do PXOM de Boimorto para uso de categoría 6 así como o cumprimento de medidas correctoras contidas no acordo sobre cualificación de actividade de medio ambiente facendo constar:

- A actividade a desenvolver nas instalacións é a de engorde de polos, mediante o sistema “todo dentro-todo fora” e terá unha duración máxima duns 70 días, entrando os pollos dun día e saíndo cun peso medio de 2,5 kg aos 45-50 días, deixando 10-15 días para as operacións de limpeza (retirada de labra, limpeza e desinfección da granxa e preparación para a nova crianza).

- A localización: coordenadas UTM X=567.517, Y=4.762.120.

- A explotación contará con capacidade para albergar 54.058 polos nunha superficie útil de 4.742m<sup>2</sup>.

- A explotación contará coas edificacións:

\*Nave A de 2.450m<sup>2</sup>. conta cunha dependencia de 15 m<sup>2</sup> para zona de control, vestiarios, almacén e oficina.

\*Nave B de 2.450m<sup>2</sup>. conta cunha dependencia de 6m<sup>2</sup> para zona de control.

\*2 silos de penso no lateral de cada nave de poliéster, construídos con resina e fibra de alta calidade e flexibilidade, cos pés e soportes metálicos galvanizados en quente. Capacidade de 9.000kg cada silo (13,5 m<sup>3</sup> cada un).

\*Estercoleiro de 180 m<sup>2</sup> e 4 m de alto.

\*Fosa séptica de 1.000 litros.

- As augas residuais dos aseos canalizaranse cara á fosa séptica.

- As dexeccións producidas na explotación retiraranse nos períodos de limpeza e almacenaranse na esterqueira, e tras un período de maduración utilizaranse como fertilizante agrícola.

- Non se produce po na explotación xa que non se manipulan os pensos, e o sistema de enchido dos silos e de distribución do alimento é pechado.



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- Non se xerarán aceites e graxas da maquinaria porque o mantemento realízase en talleres autorizados.

- O chan do almacén onde se garden os residuos líquidos ou pastosos será estanco e presenta cubeto de seguridade. Contará cun kit de derrames accidentais.

- Antes da concesión da licenza deberá acreditarse a estanquidade e impermeabilidade da esterqueira e do chan da nave, mediante certificación do técnico responsable da dirección das obras.

- Deberá garantir a permanencia das dexestión un mínimo de tres meses en maduración antes do seu uso como fertilizante agrícola.

- A utilización das dexestións como fertilizante agrícola respetará as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha. segundo R.D. 261/1996, do 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, e o Real Decreto Lexislativo 1/2011, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

- Deberá solicitar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeno produtor de residuos perigosos no caso de producir menos de 10 Tn anuais de residuos perigosos, ou solicitar a autorización de produtor de residuos perigosos no caso de superar a antedita cantidade. Todo elo segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia (DEG nº 124, do 29 de xuño de 2005).

- Todos os residuos que xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

- Os acabados das instalacións serán de cores e texturas concordantes co entorno o que permitirá unha maior integración cromática co medio circundante.

- Realizarase pantallas vexetais con especies axeitadas no perímetro da parcela a fin de limitar a dispersión de malos cheiros e a redución do impacto visual.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.- LO 37/2011

Presuposto de execución material da obra axustándose ao Anexo I da Ordenanza reguladora do ICIO; según valoración feita polo servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello: 859.416,48€

Liquidación 2% :**17.188,33 €**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á interesada, sinalándolle que antes do inicio das deberá presentar o nomeamento de dirección de obra.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 09:25 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez